

3.2.-

POLÍTICAS REXIONAIS E ADMINISTRACIÓNS TERRITORIAIS

O interese do comportamento financeiro das Administracións Territoriais en Galicia, desde unha perspectiva global (Administración Central, Comunidade Autónoma e Entidades Locais), e o impacto dos diferentes instrumentos de Política Rexional da Unión Europea e do Estado en Galicia, xustifica remiti-la análise correspondente o ano 1997, ó dispoñer como fonte do Informe Anual Económico Financeiro das Administracións Territoriais do Ministerio de Administracións Públicas, publicado en novembro de 1998.

As políticas rexionais europeas e estatais de provisión de capital público productivo e de mellora dos niveis educativos a través dos Fondos Estructurais, o Fondo de Cohesión, o Fondo de Compensación Interterritorial e outros instrumentos de política rexional son necesarias para reducir as disparidades entre rexións. As disparidades rexionais relativas que afectan a Galicia refléxanse nos datos estruturais de produción (**cadro 3.2.1.**).

A diferenza entre o índice de Renda Bruta Dispoñible por habitante e o índice

do seu Producto Interior Bruto por habitante en Galicia sitúa a Galicia como receptora neta de rendas. Existe unha menor desigualdade territorial en termos de RBD por habitante que en termos de PIB por habitante.

Na análise da produtividade de Galicia, como elemento básico para explicar as fontes de desenvolvemento económico, a avaliación da contribución de cada factor da produción o comportamento da economía, a eficacia productiva e a competitividade da rexión, reflíctese nos datos da produtividade do traballo (**cadro 3.2.1.**).

A produtividade do traballo no período 1990-1995 experimentou en Galicia un crecemento superior ó incremento medio anual, situándose entre as catro primeiras comunidades de maior crecemento, aínda que dentro dun contexto de diminución do emprego.

Na diminución das diferenzas interrexionais é fundamental o comportamento financeiro das Administracións Territoriais en Galicia favorecendo a redistribu-

CADRO 3.2.1. **Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade 1994-95**

	unidade de medida	período de referencia	Galicia	España
Producción				
PIB a prezos de mercado/hab.	(España=100)	1995	77,7	100
Renda bruta disponible/hab.	(España=100)	1994	88,6	100
VEB a prezos de mercado	(%)	1995		
Agricultura			6,5	2,9
Industria			25,0	24,1
Construcción			9,6	8,2
Servicios			58,9	64,8
Productividade do traballo				
VEB pm/ocupado	(España=100)	1995	72,6	100
Agricultura			54,2	100
Industria			103,5	100
Construcción			81,5	100
Servicios			80,6	100
Variación media anual do VEB pm/ocupado	(%)	94/95	7,1	6,3
Agricultura			3,7	1,1
Industria			8,3	8,9
Construcción			6,0	5,8
Servicios			4,4	4,6

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España, serie 1991-1995 (base 1986)

ción do emprego entre os distintos sectores, a difusión territorial da tecnoloxía, a provisión de capital público productivo e a igualación dos niveis de educación. As actuacións das Políticas Rexionais e das Administracións Territoriais en Galicia no 1997, últimos datos dispoñibles, foi a que se amosa de seguido.

INSTRUMENTOS DE POLÍTICA REXIONAL
DA UNIÓN EUROPEA E DO ESTADO

1.- Política Rexional da Unión Europea

En 1997, os pagos do **FEDER** a favor da Comunidade Autónoma de Galicia (Obxectivo 1) ascenderon a 57.190,42 millóns de pesetas, segundo datos da Dirección Xeral de Análise e Programación Presupostaria do Ministerio de Economía e Facenda.

A súa distribución por axentes investidores foi a seguinte: 27.596,94 millóns de pesetas corresponderon á Administra-

ción do Estado; 17.137,52 millóns de pesetas, á Comunidade Autónoma; 5.438,09 millóns de ptas., á Administración Local; 5.148,61 millóns de pesetas corresponderon ás empresas públicas; 68,80 millóns de pesetas, a outros axentes; e pendentes de aplicación, 1.800,47 millóns de pesetas.

Os ditos pagamentos supuxeron o 18,14% dos efectuados ás Comunidades Autónomas, Obxectivo I, e o **13,49%** do total cobrado.

A contribución financeira do **FEOGA-Orientación**, no sector agrario, en 1997, por aplicación dos recursos a 31/12/1997, segundo o MAPA, elevouse a 7.677,6 millóns de pesetas: 1.712,7 millóns de ptas. de axudas directas; 5.546 millóns de ptas. en axudas indirectas; e 418,9 millóns de ptas. do programa Leader.

A dita contribución financeira supuxo o 12,26% do total aplicado polas Comunidades Autónomas e o **8,43%** do

Instrumento financeiro	Concepto	Importe	G/E
		(en millóns de pesetas)	(%)
FEDER	Pagos percibidos 1997	57.190,42	13,49
FEOGA-Orientación	Aplicación de recursos a 31/12/97	7.677,60	8,43
IFOP	Aplicación de recursos a 31/12/97	20.241,80	17,17
FSE	Axudas	15.463,50	6,01
Fondo de Cohesión	Pagos recibidos 1997	27.029,80	15,87

Fonte: Dirección General de Análisis y Programación Presupuestaria.

total dos fondos, incluíndo os pendentes de aplicación.

A contribución financeira do **IFOP** no sector pesqueiro en 1997, por aplicación dos recursos a 31/12/97, ascendeu a 20.241,8 millóns de pesetas (12.564,2 millóns de pesetas por axudas directas), o que supuxo o 23,73% do total aplicado polas Comunidades Autónomas e o **17,17%** do total dos fondos incluíndo os pendentes de aplicación.

As axudas do **Fondo Social Europeo (FSE)** en 1997 ascenderon a 15.463,5 millóns de pesetas e o número de persoas beneficiarias foi de 77.230. No reparto deses fondos, ó marco plurirrexional correspondéronlle 10.222,9 millóns de ptas. e á Comunidade Autónoma, 5.240,7 millóns de ptas., o que supuxo o 8,67% do total das zonas Obxectivo I e o **6,01%** do total dos fondos.

Os pagos do **Fondo de Cohesión** recibidos pola C.A. de Galicia en 1997 ascenderon a 27.029,8 millóns de pesetas. A Administración Estatal obtivo 23.327,4 millóns de ptas. e a Administración Autónoma, 3.702,4 millóns de ptas., o que

supuxo o **15,87%** do total dos pagos recibidos durante ese ano.

Todos estes ingresos resúmense no **cadro 3.2.2.**

2.- Política rexional do Estado

A política rexional do Estado concrétese a través do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), os fondos económicos rexionais, o programa de cooperación económica local e mailas transferencias do Estado ás entidades locais.

• 2.1.- O Fondo de Compensación Interterritorial

Dentro dos recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado á Comunidade Autónoma, a política rexional do Estado se financia a través do Fondo de Compensación Interterritorial, que foi para Galicia en 1997 de 24.285 millóns de pesetas. A participación relativa de Galicia no dito fondo foi do **18,23%**.

• 2.2.- Incentivos económicos rexionais

Segundo os datos da Dirección Xeral

de Análise e Programación Presupostaria do Ministerio de Economía e Facenda en 1997, Galicia, con 51 proxectos por un total de 62.915 millóns de pesetas de investimento subvencionable, conseguiu unha subvención aprobada de 14.609 millóns de ptas., o que supón o 23,22% sobre o investimento subvencionable. A dita cifra superou a media das comunidades autónomas incluídas neste sistema, que foi do 18,01%. (Galicia polo sistema de incentivos rexionais pode chegar ata o 50% do investimento subvencionable, por considerarse un territorio do Tipo I). Os mentados proxectos consideraban a creación de 1.114 postos de traballo e o mantemento doutros 4.273 empregos.

• 2.3.- *Programa de Cooperación Económica Local da Administración do Estado*

Dentro do Programa de Cooperación Económica Local de 1996, as Corporacións galegas executaron a 31/03/98 2.940,63 millóns de pesetas correspondentes as subvencións do Ministerio das Administracións Públicas, o que supón un 90,70% das subvencións aprobadas e un 90,95% das subvencións contratadas. A dita cantidade supón o 13,15% do total executado a dita data.

Do Programa de Cooperación Económica Local de 1997 a 30/06/98, as Corporacións galegas executaron 927,66 millóns de pesetas das subvencións do Ministerio das Administracións Públicas, o que significa o 39,21% das subvencións aprobadas e o 39,28% das subvencións contratadas. A dita cantidade supón ó 15,31% do total executado a dita data.

• 2.4.- *Transferencias do Estado ás entidades locais (distintas do Ministerio de Administracións Públicas)*

En 1997, Galicia recibiu do Capítulo IV do Presupuesto Xeral do Estado 3.420,3 millóns de pesetas e do capítulo VII, 458,8 millóns de ptas., o que supuxo un 3,4% e un 3,8% do total das transferencias do Estado ás entidades locais.

O PRESUPOSTO DE GASTOS DAS ADMINISTRACIÓNS TERRITORIAIS

O presuposto de gastos das Deputacións galegas en 1997 acadou os 49.728,29 millóns de pesetas e o dos Concellos ascendeu a 171.521,30 millóns de ptas., o que supuxo o 2,9% e o 4,5%, respectivamente, do total dos presupostos das Deputacións e Concellos do Estado.

Os presupostos totais consolidados das Entidades Locais e da Comunidade Autónoma acadaron os 976.133,94 millóns de pesetas., un 7,33% do total dos presupostos de gastos consolidados das CC.AA. e Entidades Locais en 1997, segundo a Dirección Xeral para a Administración Local do MAP.

OS PRESUPOSTOS CONSOLIDADOS DAS CATRO DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS GALEGAS EN 1998

A suma dos presupostos consolidados das catro Deputacións Provinciais galegas para 1998 ascende a 53.452,14 millóns de pesetas, o que supón un incremento interanual do 7,49% respecto a 1997. A Deputación da Coruña representa, aproximadamente, o 40% do presuposto global, por un 27% da Deputación de Pontevedra, un 18% da Deputación de Lugo e un 16% do total para a Deputación de Ourense.

Os **investimentos** das catro institu-

CADRO 3.2.3.

Investimento público do Estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA. 1997

	Importe	C.A./Total
	(en millóns de pesetas)	(%)
Andalucía	93.877,19	9,51
Aragón	39.166,52	3,97
Asturias	16.065,11	1,63
Baleares	5.112,46	0,52
Canarias	22.635,14	2,29
Cantabria	10.113,56	1,02
Castela e León	76.465,84	7,75
Castela - A Mancha	47.554,73	4,82
Cataluña	46.956,59	4,76
Estremadura	14.819,23	1,50
Galicia	76.884,38	7,79
Madrid	205.695,70	20,84
Murcia	29.913,48	3,03
Navarra	5.001,34	0,51
País Vasco	8.840,21	0,90
Ríoxa	7.746,03	0,78
C. Valenciana	39.609,77	4,01
Ceuta	3.878,55	0,39
Melilla	3.906,38	0,40
Total rexionalizado	754.242,21	76,40
Non rexionalizado	169.019,79	17,12
Exterior	63.960,83	6,48
Total	987.222,83	100,00

Fonte: Presupuestos Generales del Estado

cións provinciais acadaron os 21.494,8 millóns de pesetas (14.088,4 millóns de pesetas de investimento real e 7.406,3 millóns de pesetas de transferencias de capital). O ratio aforro neto (13.742,2 millóns de pesetas) respecto ós investimentos totais acada o 63,85%.

A porcentaxe da **carga financeira** (5.786,4 millóns de pesetas) respecto ós ingresos correntes do presuposto (45.319,2 millóns de pesetas) para o conxunto das deputacións é do **12,77%**.

OS INVESTIMENTOS TERRITORIALIZADOS
DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

O investimento real da Administración do Estado, incluído nos Presupostos

Xerais do Estado de 1997, acadou unha porcentaxe rexionalizable do 76,40% do total, mentres o 17,12% figura dentro da modalidade non rexionalizable e o 6,48% corresponde á modalidade de investimento no exterior.

Galicia recibiu da Administración do Estado (Estado, Organismos Autónomos e Entes Públicos), segundo os Presupostos Xerais do Estado para 1997, un volume de investimento público real rexionalizable de 76.884,38 millóns de ptas., o que supón o 10,59% do total rexionalizado e o **7,79%** do total do Estado (**cadro 3.2.3.**).

Segundo a Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais, os datos da evolución do investimento público real

CADRO 3.2.4.

Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas 1997-98 (1): presupostos iniciais

(en miles de millóns de pesetas)

	1997				
	Entidades locais		C.A.	Estado (3)	Total
	Concellos	Deputacións			
Total	41,5	8,3	95,5	14,9	160,2
(%)	25,9	5,2	59,6	9,3	100,0

	1998 (2)				
	Entidades locais		C.A.	Estado (3)	Total
	Concellos	Deputacións			
Total	48,5	14,1	96,0	24,5	183,1
(%)	26,5	7,7	52,4	13,4	100,0

	1995-1998				
	Entidades locais		C.A.	Estado (3)	Total
	Concellos	Deputacións			
Total	159,0	43,9	381,4	69,5	653,8
(%)	24,3	6,7	58,3	10,6	100,0

1) cada axente comprenden soamente á Admon. centralizada e OO.AA., excepto no caso dos Concellos que soamente se refiren á súa Admon. centralizada

(2) estimacións

(3) non inclúen gastos de defensa

Fonte: Secretaría de Estado para las Administraciones Territoriales e Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.2.5.

Recadacion dos principais impostos estatais 1997-98

(en miles de millóns de pesetas)

	1997					
	IRPF	Sociedades	IVA	Imp. especiais	Tráfico exterior	Total
Galicia	228,9	81,4	137,1	14,9	6,0	468,3
Estado	5.544,2	2.099,9	3.999,6	2.069,7	112,2	13.825,6
G/E (%)	4,13	3,88	3,43	0,72	5,36	3,39

	1998					
	IRPF	Sociedades	IVA	Imp. especiais	Tráfico exterior	Total
Galicia (1)	232,3	86,0	150,8	15,6	7,4	492,1
Estado	4.989,1	2.322,4	4.363,5	2.389,8	132,2	14.197,0
G/E (%)	4,66	3,70	3,46	0,65	5,60	3,47

(1) datos provisionais

Fonte: Agencia Estatal de Administración Tributaria

territorializado por axentes das administracións públicas (presupostos iniciais) en 1997, 1998 e durante o período 1995-1998, correspondentes a investimento civil, excluídos gastos de defensa e os dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, para que a comparación poda realizarse en termos homoxéneos, foi o que recolle o **cadro 3.2.4.**

Cómpre destacar que, en 1998, tódolos axentes das administracións públicas incrementaron o seu investimento público real territorializado en Galicia. Os Concellos pasaron de 41,5 miles de millóns de pesetas en 1997 a 48,5 miles de millóns de pesetas en 1998; as Deputacións pasaron de 8,3 miles de millóns de pesetas en 1997 a 14,1 miles de millóns de pesetas en 1998; a Comunidade Autónoma pasou de 95,5 miles de millóns de pesetas en 1997 a 96 miles de millóns de pesetas en 1998; e o Estado pasou de 14,9 miles de millóns de pesetas en 1997 a 24,5 miles de millóns de pesetas en 1998.

A participación dos distintos axentes das administracións públicas no gastos correspondentes a investimento civil durante o período 1995-1998 reflicten a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 58,3%; os Concellos, cun 24,3%; o Estado, cun 10,6%; e as Deputacións, cun 6,7%.

A RECADACIÓN TRIBUTARIA

A recadación tributaria de 1997 e 1998, extractada nas principais figuras impositivas recóllese no **cadro 3.2.5.**

A recadación líquida total en Galicia foi de 492 miles de millóns de ptas.. Este importe representa sobre o acadado no ano 1997 un incremento nominal de 23,7 miles

de millóns de ptas. que, en termos relativos, supera un 5%.

En Galicia a recadación líquida do IRPF aumentou os seus ingresos en termos nominais nun 1,44%, acadando os 232,3 miles de millóns de ptas.

Cabe destacar que, a recadación líquida do Estado no IRPF minora os ingresos en termos nominais o 10%, debido á participación das Comunidades Autónomas no IRPF (671,9 miles de millóns de ptas.).

A recadación do Imposto sobre Sociedades en 1998 foi de 86,04 miles de millóns de ptas., cunha taxa de incremento respecto de 1997 do 5,6%.

A recadación do IVE en 1998 foi de 150,8 miles de millóns de ptas., cunha taxa de variación do 9,9% respecto ó ano anterior.■

Consideracións ó SECTOR PÚBLICO

D

a análise da evolución do sector público da Comunidade Autónoma durante o ano 1998, poderían salientarse, entre outras, as seguintes consideracións:

• **1.-** En 1998 instrumentáanse por primeira vez os créditos necesarios para o funcionamento da Consellería de Medio Ambiente (sección 15 dos presupostos da Administración Xeral) e os créditos para a xestión das funcións que, en materia de traballo, emprego e formación, viñan sendo desempeñadas polo INEM en Galicia.

As Fundacións Públicas Hospitais Comarcais Virxen da Xunqueira e de Barbanza e a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. figuran por primeira vez nos presupostos iniciais da Comunidade Autónoma como Sociedades Públicas.

• **2.-** Os **presupostos consolidados** da Comunidade Autónoma para 1998 medraron un 5,9% respecto a 1997 (51.549 millóns de pesetas), acadando a cifra de 921.600 millóns de pesetas (o

18,45 do VEB de Galicia, segundo os datos da fundación das caixas de aforros, Funcas).

O presuposto dos organismos autónomos administrativos medrou un 8%, o presuposto dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos creceu un 52,7% e o presuposto da Administración Xeral incrementouse un 5,6% (sen ter en conta as transferencias internas).

• **3.-** Desde o punto de vista da súa **distribución funcional**, a parte máis importante (89,3%) do presuposto consolidado repartiuse entre as seguintes funcións: Sanidade, o 32,3% (296.666 millóns de ptas.); Educación, o 21,4% (197.177 millóns de ptas.); Transferencia a entidades locais, o 9% (82.862 millóns de ptas.); Débeda pública, o 5,8% (53.682 millóns de ptas.); Seguridade Social e protección social, o 4% (36.940 millóns de ptas.); Plan de crecemento e emprego, o 3,7% (34.493 millóns de ptas.); Infraestructuras básicas e do transporte, o 2,9% (26.351 millóns de ptas.); Agricultura,

gandería e pesca, o 2,4% (21.897 millóns de ptas.); Cultura, o 2,2% (20.610 millóns de ptas.); Benestar comunitario, o 2,2% (19.736 millóns de ptas.); Vivenda e urbanismo, o 2% (18.367 millóns de ptas.); e Promoción social, o 1,5% (13.263 millóns de ptas.).

• **4.-** Respecto ás **operacións correntes** dos presupostos consolidados da Comunidade Autónoma, a taxa de crecemento interanual dos ingresos foi do 7,9%, acadando en 1998. Esta taxa foi superior á de crecemento interanual dos gastos de esa natureza (6,7%). O aforro por operacións correntes elevouse a 77.208 millóns de pesetas, un 19,8% máis que no ano anterior.

• **5.-** Os ingresos por **operacións de capital** dos presupostos consolidados da Comunidade Autónoma diminuíron un 3,8% sobre o ano anterior, mentres que a taxa de crecemento dos gastos de esa natureza acadou o 3,5%. O déficit por operacións de capital foi de 94.207 millóns de pesetas, un 7,6% máis que no ano anterior. O total de **gastos de operacións non financeiras de capital** do presuposto consolidado foi un 3,53% máis que o ano anterior. O crecemento das transferencias de capital foi de 7,7% e o crecemento dos investimentos realizados directamente pola Administración foi do 0,34% (o que representa o 5,7% do crecemento das Transferencias de capital).

As operacións non financeiras de capital (caps.VI e VII) acadan nos orzamentos de 1998 un volume de recursos equivalente ó 3,81% do VEB (190.565 millóns de pesetas).

• **6.-** As principais **partidas financeiras das operacións de capital** foron o aforro por operacións correntes (40,51%),

as transferencias do Fondo de Cohesión (4,3%), FEDER (9,2%), FEUGA (9,5%), IFOP (4,9%), FCI (12,6%), e o endebedamento (8,7%).

Tanto en valores absolutos (77.208 millóns de ptas.) como na taxa de crecemento respecto ó ano anterior (19,8%), o financiamento dos investimentos depende cada vez máis do aforro por operacións correntes.

• **7.-** O **endebedamento** neto presupostado da Comunidade Autónoma foi de 21.000 millóns de pesetas, un 23,9% menos que o ano anterior. A carga financeira situouse en 53.683 millóns de ptas. (0,93 puntos inferior ó ano 1997), dos que 31.934 corresponden a gastos financeiros e 21.749 millóns, a amortización da débeda. En 1998, Galicia ten unha débeda acumulada de 2.565 millóns de euros (426.780 millóns de pesetas), o que significa un 8,54% do VEB de Galicia, segundo Funcas. A débeda galega supón o 7,99% da débeda total acumulada de España.

• **8.-** Baixo o punto de vista da “**autonomía financeira**”, os ingresos propios e asimilados foron de 157.383 millóns de pesetas –representaron o 25,1% do presuposto do Administración Xeral, un 3,5% máis que no ano 1997– e os ingresos transferidos foron de 470.157 millóns de pesetas –o 74,9%, un 1,51% menos que no ano anterior–.

O incremento da “autonomía financeira” de Galicia, que pasa do 19,65% en 1997 ó 25,1% en 1998, correspóndese basicamente coa cesión parcial do IRPF por parte do Estado, que acadou os 44.402 millóns de ptas.

• **9.-** Cómpre destacar que, en 1998,

tódolos axentes das administracións públicas incrementaron o seu **investimento público real territorializado en Galicia**.

A participación dos distintos axentes das administracións públicas no gastos correspondentes a investimento civil durante o período 1995-1998 reflicten a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 58,3%; os Concellos, cun 24,3%; o Estado, cun 10,6%; e as Deputacións, cun 6,7%.

• **10.- A recadación tributaria líquida** en 1998 total en Galicia foi de 492 miles de millóns de ptas. o que supón un incremento nominal de 23,8 miles de millóns de ptas., que en termos relativos supón un 5%. ■

